

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL

- 9342** *Corrección de erros da Orde ETD/699/2020, do 24 de xullo, de regulación do crédito revolvente e pola que se modifica a Orde ECO/697/2004, do 11 de marzo, sobre a Central de Información de Riscos, a Orde EHA/1718/2010, do 11 de xuño, de regulación e control da publicidade dos servizos e produtos bancarios, e a Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios.*

Advertidos erros materiais na Orde ETD/699/2020, do 24 de xullo, de regulación do crédito revolvente e pola que se modifican a Orde ECO/697/2004, do 11 de marzo, sobre a Central de Información de Riscos, a Orde EHA/1718/2010, do 11 de xuño, de regulación e control da publicidade dos servizos e produtos bancarios, e a Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 203, do 27 de xullo de 2020, realízanse as seguintes correccións:

Na páxina 15, disposición transitoria única, letra a):

Onde di:

«Seranlles de aplicación, a partir do dito momento, as disposicións contidas no artigo terceiro, catro, agás o previsto no novo artigo 33 *ter* da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro.»

Debe dicir:

«Seranlles de aplicación, a partir do dito momento, as disposicións contidas no artigo terceiro, seis, agás o previsto no novo artigo 33 *ter* da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro.»

Na páxina 16, disposición transitoria única, letra b):

Onde di:

«Non precisarán da actualización da información financeira que a entidade dispón sobre o cliente, nin dunha nova avaliación da súa solvencia conforme o previsto no artigo terceiro, dous, agás que nalgún momento posterior á entrada en vigor desta orde amplíen o límite do dito crédito.»

Debe dicir:

«Non precisarán da actualización da información financeira que a entidade dispón sobre o cliente, nin dunha nova avaliación da súa solvencia conforme o previsto no artigo terceiro, tres, agás que nalgún momento posterior á entrada en vigor desta orde amplíen o límite do dito crédito.»